

| | |
|--|---|
| Comunidade Autónoma / Departamento / Estado | GALICIA |
| Municipio | PARADELA |
| Edificio | Igrexa de San Lourenzo de Suar |
| Dirección | Lugar de Suar, s/n. 27611 |
| | 42.780229 -7.576663 |
| Protección | |
| Descrición | A igrexa parroquial conserva elementos da súa primitiva fábrica románica, da segunda metade do século XII. Sufriu transformacións importantes. Da primitiva construción só se conservan a portada e o arco triunfal. O templo actual érguese sobre planta rectangular, cuberta a dúas augas na nave e a catro no presbiterio, sobre armadura de decorado. Arco de medio punto formado por dúas arquivoltas de baquetón. Dous pares de columnas soportan as arquivoltas e presentan fustes monolíticos, plintos lisos e capiteis vexetais con dous corpos de follas en bolas e volutas. O arco triunfal é de medio punto. Ten gran riqueza ornamental. Sobre o muro testeiro da nave áchase unha cruz de pedra con inscricións, que parece que procedía da primeira espadana, remprazada pola actual barroca con singular frontón curvo partido por un pináculo. |
| Campás | 2 campás. |
| Fotos | 1 |
| Toques actuais de campás | |
| Conservación, mantemento | |
| Propostas | |
| Autores da documentación | MOURE, Xabier / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK) |
| Data | 18-02-2024 |

Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|--------------|------------------------|---------------------------------------|------------------|------------------|------|
| Espadana | Menor. | BLANCO LEMOS, ANTONIO | 19?? | 50 | 72 |
| Espadana | Maior. | BLANCO LEMOS, ANTONIO | 19?? | 65 | 159 |

Información completa: [Igrexa de San Lourenzo de Suar - PARADELA \(GALICIA\)](#)